

SÓ TAMBOR

Round 1

Cinco negros mallando nel, oíches? Cinco! Todo o Noitebus alucinando!

Nos estábamos ao lado do rapaz. Viñamos algo borrachos, tamén hai que dicilo. Pero foi visto e non visto. Oímolos berrar e, de repente, plas!, a súa cabeza batía xa contra os asentos, de puño en puño, coma unha pelota, rebotando. Mira, aínda teño sangue no traxe de cando pasaron ao noso carón!

Un colacao e unha napolitana de chocolate, por favor.

Eu que sei, eu non sei de onde eran. Pola fala non parecían de moi lonxe. A ver, eu tampouco quixen meterme, sabes? Porque ao final aínda papas ti unhas boas hostias. Eu agora vou para a camiña, que falta me fai, e alá se vexan des. Non quero ter ningunha relación con eses asuntos, comigo non van.

Acabo o colacao e a durmilla. Maña é outro día.

Round 2

A ver, é que tampouco o penas, sabes? En grupo faste mási forte, e con dúas copas «veste arriba». Empeza un, logo outro e vai toda a banda. Non é plan quedar ti quieto, non? Terás que mirar polos teus.

A min o rapaz non me fixo nada, eh, que conste.

Pero un pouco parvo si que parecía. Toco so o imitou; chisqueiros *dois euro*, haha. Era gracioso. El ofendeuse pronto, contestoulle e ai empezou todo.

Igual se nos foi un pouco das mans, pode ser. Non sei; estás cos colegas, é Entroido, volves de festa, levas uns cubatas de máis...

Si, acabo o cigarro e entro. Aínda está declarando Toco. Non creo que nos fagan nada. O tipo nin papeis terá. Ao final vano foder a el.

Round 3

Que pase a noite aquí e maña dámoslle a alta.

Seis puntos, unha escordadura e moitas contusións.

Supervisamos que o da cabeza non sexa grave e deixámolo ir. Dame que ninguén vai preguntar por el.

Polo que lle contou à enfermeira parece que entrou a vender nun Noitebus e que cinco mozos disfrazados lle pegaron a malleira que leva enriba. El non coñecía os agresores; so dixo que ía todo o grupo vestido de tribo africana e pintados de negro. Xa os colleu a Policía; son de aquí, da vila, de toda a vida. O que empezou a lea foi o pequeno de Antón dos Toco, o neto de Carmucha.

Knockout

Como cada semana, Filipe chamou a Mozambique; todo ben por Europa, si. Sempre seleccionaba coidadosamente o que lle dicía á familia. Esa noite preferiu ocultarlle que estaba no centro médico porque cinco salvaxes lle pegaran. Pareceulle máis relevante contar que descubrira, grazas ao vecino de abaixo, un artista galega que tiña unha banda con xente do seu país. Empregaba os instrumentos que eles tocaban nas festas: corda e percusión.

Ao falar, Filipe recordaba de lonxe, nun segundo plano mental, a pelexa desa noite, mentres lle cantaruxaba ao seu irmán os versos de Craveirinha que musicara Narf:

*Deixa-me ser tambor
corpo e alma só tambor
só tambor gritando na noite quente dos trópicos¹.*

Esa madrugada, mais que ningunha outra, Filipe desexou converterse en tambor e berrar con desespero até a parte baixa do hemisferio sur. Pero conformouse con tomar un descafeinado ante a máquina e durmir un pouco. O importante é non meterse en problemas. Compre descansar para seguir. Maña é outro día...

...En todos os lugares do planeta...

Post Data

Este relato foi escrito coas mans dunha especie nacida en África, *na noite quente dos trópicos*, mentres milleiros de persoas, en cada recanto do mundo, anhelaban ser so tambor.

O texto seguiría, máis dentro dunhas horas a autora ten que levantarse para ir traballar. Precisa deitarse antes de que soe a alarma. Maña é outro día. A vida continúa...

ROSALÍA FERNÁNDEZ RIAL

¹ Poema de José Joáo Craveirinha, escritor de Mozambique, musicado por Fran Pérez Narf, cantor galego.